


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

27 de decembro do 2020

SAGRADA FAMILIA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Que ledos hoxe estamos
ou Imos compañeiros imos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir a fe en comunidade e desfrutando da presenza de Xesús Neno no medio de nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús naceu e o fixo, como calquera de nós, nunha familia. Por iso, neste primeiro domingo despois do seu nacemento celebramos á Familia de Xesús e as nosas familias. É o núcleo fundamental da sociedade na que vivimos. Nela compartimos o amor, o respecto e a fe.

Rematando xa o ano, e facendo balance del, sería bo botar unha ollada cara as nosas relacións familiares ao longo deste tempo que vivimos coa dificultade da pandemia.

E teñamos moi presente o que nos di o calendario do tempo do Nadal: **“A Familia e o fogar medran coa alegría dos nenos e a sabedoría dos maiores”**.

Que o teñamos en conta neste ano que imos comezar.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante Rematamos coa oración na que damos grazas a Deus por darnos o exemplo da Sagrada Familia de Nazaret e pedímoslle que saibamos imitar as súas virtudes.

(silenzo)

Deus, Noso Pai, ti quixeches darnos a Sagrada Familia como exemplo.

Concédenos a graza de practicarmos como ela as actitudes e os valores familiares e que permanezamos sempre unidos polo vínculo do teu amor.

Xúntanos a todos na alegría eterna do teu fogar. Así queremos compartir neste fin de ano, e así acudimos a Ti, Pai, por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

San Paulo fai unha ampla exposición das virtudes que ten que vivir o cristián no seu tempo e sempre: misericordia, bondade, sinxeleza... pero sobre todo o amor que é o lazo que nos une coma nunha familia.

O Evanxeo móstranos á familia de Xesús vivindo na súa cidade de Nazaret como calquera outra familia, e ao Neno medrando no seu fogar.

Leccionario II B páx 33 Col 3,12-21 LECTURA

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS COLOSENSES

Irmáns e irmás:

Coma elixidos de Deus, santos e benqueridos, revestídevos de sentimentos de misericordia, de bondade, de humildade, de sinxeleza, de tolerancia. Aturádevos uns aos outros e perdoádevos, cando un teña queixa doutro; coma o Señor vos perdoou, perdoádevos tamén vós. E, por riba de todo isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que todo o une e leva a perfección. Que a paz de Cristo governe os vosos corazóns, xa que a ela vos chamaron coma membros dun mesmo corpo. Sede tamén agradecidos.

Palabra do Señor

🎵 🎵 *Amigos nas penas* SALMO

(en pé) *Leccionario II B páx 34 Lc 2,22-40 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Cando chegou o tempo da purificación, conforme a Lei de Moisés, levaron Xesús a Xerusalén, para llo presentaren ao Señor (pois así está escrito na Lei do Señor: Todo varón primoxénito consagrades ao Señor), e tamén para faceren unha ofrenda, conforme se di na Lei do Señor: Un par de rulas ou dous pombiños.

Vivía nese tempo en Xerusalén un home xusto e piadoso, chamado Simeón, que agardaba a restauración de Israel. O Espírito Santo, que estaba con el, tíñalle prometido que non había morrer sen ver o Unxido do Señor.

Movido polo Espírito, foi ao templo, e, cando entraban os pais do neno Xesús para cumpriren o mandado pola Lei do Señor, el, colléndoo nos brazos, louvou a Deus dicindo:

- Agora podes, Señor, segundo a túa promesa, despedir en paz o teu servo, porque xa os meus ollos viron o teu Salvador, o que preparaches para todos os pobos: luz de revelación para os xentís e gloria do teu pobo Israel.

O pai e maila nai do neno ficaron abraizados polo que tal dicía do neno. Bendiciunos Simeón e díxolle a María, a nai:

- Mira, este está disposto para caída ou erguemento de moitos en Israel, para ser bandeira de discusión; e a ti mesma unha espada hache atravesar a alma: así ficarán descubertas as cavilacións de moitos corazóns.

Había tamén unha profetisa moi vella chamada Ana, filla de Penuel, da tribo de Axer, que vivira sete anos co seu marido desde que casara, e logo como viúva ata os oitenta e catro. Non se apartaba do templo nin de noite nin de día, servindo a Deus con xaxún e oracións. Presentándose naquel intre no templo, glorificaba a Deus

e falaba do neno a todos os que esperaban a redención de Xerusalén.

Cando remataron todo o ordenado pola Lei do Señor, volveron para Galilea, á vila de Nazaret. O neno ía medrando lanzal, forte e intelixente; e a graza de Deus estaba con el.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé) **PROFESIÓN DA FE**
Celebrante: *A Sagrada Familia é hoxe exemplo para nós como familia. Por iso queremos comprometermos no camiño da vida para sermos exemplo para os demais no vindeiro 2021. Proclamamos a fe que compartimos.*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus, Pai e Nai, que ama de verdade e que nos acolle en familia como os seus fillos e fillas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesucristo, irmán de todos nós, que nacéndonos nas mans demostrou coa súa vida que o camiño é facer crible o evanxeo dende o fogar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que alenta no corazón cando somos agradecidos cos que están á nosa beira facendo fogar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, comunidade e familia na que todos temos sitio e na que todos somos necesarios?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Moitas son as cousas que queremos agradecerche Señor, moitas son as persoas ás que lle queremos dar grazas, facémolo en familia dicindo:*

DÁMOSCHE GRAZAS, SEÑOR

Monitor/a

- ✓ Polas persoas que agora non están a nosa beira, e botámolas de menos á hora de rezar con nós,
- ✓ Polas persoas que ao longo deste ano apenas puideron estar implicadas na catequese,
- ✓ Polos pais e nais que ao longo deste ano se comprometeron por educar na fe aos seus fillos,
- ✓ Polas persoas que ao longo deste ano adicaron tempos e esforzos colaborando no grupo de cáritas en Os Cotos,
- ✓ Polas persoas que ao longo deste ano se preocuparon e colaboraron coa economía parroquial,
- ✓ Polas persoas que colaboraron en cada celebración da eucaristía e en cada celebración da Palabra, en cada celebración da casa,
- ✓ Polas persoas coas que formamos a nosa parroquia, e a grande familia da Igrexa,
- ✓ Polas persoas que traballan na sanidade, polas que manteñen os servizos básicos, polas que foron responsables e coidadosas,

Celebrante: *Todo cho agrademos a Ti, Señor, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: *Xesús xa é Nadal, está no medio de nós. É a nosa familia. Podemos atopalo en quen amosa tenrura de pai, de nai, de irmán, ... So temos que abrir os ollos e mirar ao redor para atoparnos con El.*

Sentíndonos membros da gran familia dos fillos de Deus dicimos

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús no Nadal trae a paz. El é o Deus da Paz. Que El nos alente a transmitir e a medrar nesa súa paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

NON COMULGAMOS

PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

Celebrante: *Rezar hoxe no fogar é encontro onde se comparten as alegrías e tamén os fracasos e as penas. Hoxe, como familia, tamén nos reunimos para compartir a ledicia de ter xa a Xesús no medio de nós.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles. Somos familia que espera e confía no NADAL.

🎵 **No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Ti enfortécesnos con esta celebración. Fai que seguindo o exemplo da Sagrada Familia poidamos participar con eles na gloria do ceo despois dos traballos desta vida.

Pedímolos por Xesucristo, noso Salvador, nacido no medio de nós, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Co nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal. Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de amor e de paz. Amén

El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os nosos corazóns coa súa alegría e nos faga mensaxeiros do evanxeo. Amén

E polo Nadal do seu Fillo, Deus uniu a terra co ceo. Que El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.

QUE O VINDEIRO 2021 SEXA FARTURENTO



*“O neno Xesús ía medrando e a graza de Deus estaba con el”
Palabras do evanxeo de hoxe.*

